

**SEN TITULO 4X8X6 (TÉCNICA MIXTA SOBRE ESCENARIO)**

**Autor**

**Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas)**

**2007**

Un Reloxo brando e un Paxaro atravesan a escena. As cartolinas que está enriba do piano empeza a voar pola escena para logo ir pousándose enriba do piano.

1. Música 1

2. O reloxo atravesa o proscenio de dereita a á esquerda, se move cos tambores
3. Un paxaro atravesa o fondo de esquerda á dereita, se move coas frautas, achegase ó piano, xira e marcha pola dereita

1. Sopra o vento e comeza a voar unha **cartolina** (Alba)

2. Cando sopra o vento mais forte outras 2 cartolinas: alberte pola esq. e helena pola dta. aparecen voando

3. Se cruzan entre eles e van pousándose unha a unha sobre o piano no seguinte orden: helena (dta.), alberte (esq.) e alba (esq.)

Entra o **Artista** ten unha idea, e debuxa un Monifate, non lle gusta o **Monifate** ráchao, e logo tírao ó chan e vaise.

1. O artista entra en escena e vai cara o piano, remexe nas cartolinas, de súpeto ten unha idea e vai cara ó block,

2. Música 2. Pinta cun rotulador gordo encarnado, pinta ós poucos e de vez en cando se separa e volve a pintar.

3. Non lle gusta o debuxo, arríncao e non é capaz de desprenderse del, o papel vai dunha man á outra, e por último tírao xunto ó block e marcha polo fondo á dereita

De entre os papeis rotos o **Monifate** vai collendo vida por detrás do *block*. Os seus grandes ollos asexan a escena.

Entra o **Artista** e colle algo do piano... o **Monifate** agachase e cando o **Artista** marcha volta a asexar asomando a cabeza e desfacéndose do papel movese por toda a escena ata caer no piano que sona, xoga no piano.

### 1. Música 3

2. O monifate asoma timidamente, asexo para todas partes.
3. Entra o artista, o monifate agachase tras o papel, pero mira disimuladamente.
4. Cando o artista marcha solta o papel con enerxía e voa por toda a escena e por último enriba do piano ata que cae cos pes sobre o teclado e soa o piano...asústase e brinca enriba da tapa
5. Logo timidamente volve a tocar co pé no teclado varias veces, divírtese
6. Asoma o pé por diante un par de veces e polo extremo do piano para ver se por aí tamén sona, pero nada
7. Volve a saltar no teclado e patina dun lado a outro do piano
8. Brinca de ledicia

Aparece unha luz como si fose un facho. O **Monifate** vai cara a luz e cando esta a chegar a cima choca contra o *block*, esvara e cae desfeito.

### 1. Música 4.

2. Aparece unha luz pola esquerda, o monifate a ve e vai tras ela, da un brinco dende o piano
3. Avanza cara á luz de vagariño como andando en pantomima,
4. Cando chega ó block choca e cae esvarando pola páxina e fica tirado diante do block

Entra o **Artista** cun cubo de lixo para recoller o papel roto, atopa ó **Monifate**, fica estrañado...

1. Entra polo fondo da dereita cun cubo.
2. Atopa o papel e logo o monifate: A, E, I, O, U
3. Marcha empurrando o cubo co monifate polo fondo á esquerda

Un **Reloxo** brando e un **Paxaro** atravesan a escena

1. Música 5

2. O reloxo atravesa o proscenio de esquerda á dereita
3. Un paxaro atravesa o fondo de dereita a esquerda

Entra o **Artista** que pinta cara ó público, mentres na *pantalla* aparece un gran **sol** encarnado e amarelo, logo senta no *piano* eponse a debuxar...

1. Entra o artista polo fondo á esquerda . Colle a paleta e os pinceis e vai cara o proscenio esquerdo eponse a pintar un sol.

2. Música 6.

Acender vídeo.

**Pintar sol**

3. Cando remata de pintar deixa a paleta e pinceis no seu sitio e vai cara o piano colle un block eponse a pensar.

Aparecen os **Chouchiños** na *pantalla*, no **block** e no *piano*, enredan e remexen todo, xiran o piano e moven o *asento* do **Artista**. Empurran e levantan ó **Artista**, este fixo un debuxo e os **Chouchiños** traen cachos de madeiras e materiais de desperdicio, o **Artista** comeza a construír ós **Cazolos**...

1. Música 7

2. Aparecen os chouchiños: pola pantalla, o block e o piano: remexen, xogan, investigan todo e buscan,
3. achéganse ó artista, obsérvano,
4. logo os chouchiños vanse ó proscenio esq. e miran para o artista e rin.
5. Achéganse o artista e xiran o piano e o asento
6. Levantan ó artista e rodéano observando o que estaba a debuxar
7. Empezan a traerlle pezas dos cazolos ó artista, amósanlle cada cousa, e o animan, o moven dun lado para outro

2,38

8. O artista colle o caldeiro verde e pono na cabeza, logo colócao na base do cazolo 1 (helena) , despois colle a pota encarnada vaina colocar na base do

cazolo 2 (alba), non sirve. Coloca a pota encarnada na base do cazolo 1 e a verde na base do cazolo 2.

9. Colle a parte de arriba do cazolo 1 e tenta colocalo na base do cazolo 2, logo colócao na base do cazolo 1.
10. Colle a parte de arriba do cazolo 2 e colócaa na parte de abaixo do cazolo
11. Fai un xesto cómico e súbelle o caldeiro verde ó cazolo 2
12. Colócalle os brazos ó cazolo 1
13. Coloca 1 bailarina en cada cazolo

Empeza a tocar nos **Cazolos** pero non pasa ren, niso marcha e os **Cazolos** comezan a tocar, entra de novo, pero os **Cazolos** calan, marcha e os **Cazolos** volven a tocar unha especie de batucada e rematan todos bailando coma tolos...

1. Comeza a tocar no **cazolo 2**, pero nada, logo vai ó cazolo 1 e o mesmo
2. repite a operación e nada
3. cando está a tocar no cazolo 2, o cazolo 1 empeza a tocar só
4. xirase, entón toca o cazolo 1 e así sucesivamente ata que fan tanto ruído que marcha polo fondo esq.
5. Música 8
6. Os cazolos empezan a falar entre eles e a facer cada vez máis barullo
7. Entra o artista e establece un diálogo entre os tres, os cazolos achéganse a el cada vez que falan ata que o botan fora de escena
8. Comezan a bailar
9. Entra o artista e baila entre os cazolos ata que a música se acaba e o artista vai descansar.
10. Volven a tocar e todos bailan, o artista non pode mais, se para a música
11. Volven a tocar por última vez e o artista bótaos fora a cada un para un lado
12. O Artista leva o banco ata ó piano. Helena axuda a colocalo ben. Colle o block e vaise polo fondo dereita.

De entre os cazolos asoman as **Bailarinas** que van cara o *piano*, alí bailan unha peza ata que se levanta a tapa do *piano*, as **Bailarinas** esvaran ata o chan e vanse bailando.

1. Música 9

2. Nacen as bailarinas dos cazolos coa música da corda da caixa de música, empurran ós cazolos fora de escena
3. Coa música bailan van ata o piano: Alberte, Alba e Helena
4. As Bailarinas baixas móvense ó tempo e a contrapunto da **bailarina alta**.
5. Cando sopra o vento levántase a tapa do piano e as bailarinas saen voando polo fondo esq. Apagar vídeo
6. A tapa do piano queda levantada
7. Co vento entra o artista e vai cara o piano

Entra o artista e toca no *piano* no que aparecen unhas **notas musicais**, pronto o espazo enchese de **notas musicais** apoiadas por unha proxección no vídeo de notas musicais. O **paxaro** sae pola esquerda xira no centro e marcha por onde viñera. O **Artista** vai detrás del bailando.

1. Música 10

2. Aparece a luz no piano e se ven as sombras das notas musicais
3. Acender vídeo. Aparecen as **notas** na pantalla do fondo.
4. Entran as **notas grandes** que se moven pola escena
5. Sopra o vento e as notas van desaparecendo: as notas grandes...as da pantalla, as do piano.
6. O artista é levado polo vento, xira o piano impelido polo vento
7. Entra o paxaro polo fondo esq. e xira no medio da escena e o artista e vai detrás do paxaro polo fondo esq.
8. Por último entra o reloxo que percorre o proscenio de dereita a esquerda

O **Artista** entra cunha **Percha con saia** que coloca pendurada do *block*. O **Artista** pinta unha **Máscara** que aparece na *pantalla*.

1. Música 11

2. O Artista entra cunha Percha con saia que coloca pendurada do *block*.

1,06

3. Colle a paleta e os pinceis, vai cara o proscenio esquerda e pinta.

1,20

4. Acender vídeo. Aparece a **máscara** na *pantalla*

5. O Artista vaise polo fondo dereita

6. A **Percha con saia** percorre a escena como tola,

7. A **Máscara** move-se pola *pantalla*, por veces esvaece-se deica case desaparecer, a Percha con saia quere axear a **Máscara** ó seu corpo, pero non pode.

8. A **Máscara** desaparece. Apagar vídeo

9. A Percha con saia triste por non ter cabeza e vai cara ó *block*, niso entra o Artista e colle a **Máscara** por detrás da *pantalla* e se lla da á Percha con saia, esta louca de ledicia brinca pola escena e marcha bailando polo fondo dereito.

O **Artista** pinta agora unha **Lúa** e faise a noite...ponse a durmir...

1. Colle a paleta e os pinceis e vai ó proscenio esquerdo e pinta a **lúa**

2. Música 12

3. Acender vídeo. **Pintar lúa**

4. Na *pantalla* aparece a **lúa**

5. O artista coloca os pinceis e a paleta no seu sitio e con sono colle o banco lévao ó fondo eponse a durmir.

Entra o **Facedor de soños**, do que sae unha gran **Rede**. O **Paxaro** aparece voando...Tropeza na **Rede** e fica preso.

1. Música 13

2. Aparece polo fondo esquerdo o facedor de soños que estende unha gran rede por diante da pantalla
3. O Facedor de soños movese por diante da rede por toda a escena
4. Logo pasa por detrás da rede e marcha polo fondo esq.
5. Sae polo fondo dta. o paxaro, voa ata que choca coa rede, vai dun lado para outro ata quedar atrapado no lado dereito.

Entran unhas figuras redondas, **Cebolos**, ollan para o paxaro, este berra desesperado, as figuras tentan ceibalo, cren que esta a rir, rin tamén, o paxaro comeza a chorar, os **Cebolos** case conseguen liberalo, pero niso aparece o **Facedor de soños** e asústaos, os **Cebolos** foxen.

1. Entra o **cebolo encarnado** pola dta. enriba do piano e o cebolo azul pola esq.
2. Van cara o proscenio
3. O paxaro queixase
4. Os cebolos falan entre eles e o cebolo azul achegase ó paxaro
5. O cebolo azul achegase ó encarnado dille algo e este vai cara o paxaro
6. O cebolo azul rodea ó encarnado e achéganse de novo ó paxaro
7. Aparece o Facedor de soños e os cebolos escapan por onde viñeron

Aparece un **Chapeu con nariz de pallaso** , metese entre as liñas da **Rede**, observa o paxaro e vaise.

10,02 1. Sae pola esquerda do block mira e observa todo,

9,46 2. Cando a música cambia escondese e aparece pola dereita do block, mantense observando todo baixo o cenital

9,16 3. cando a música volve a cambiar vai cara o piano, alí mantense observando á escena ata que escoita o paxaro



8,50

4. O paxaro queixase
5. Achegase á rede e observa o paxaro,
6. Cando a música volve a cambiar, triste por non poder axudar o paxaro movese debaixo de cenital na dereita do block ata desaparecer.

Niso aparece un **Traxe Arlequinado** vai dun lado a outro torpemente, neso tropeza contra o *piano* e senta nel.

1. O paxaro queixase
2. Entra por detrás do piano o corpo do **arlequín** movendo corpo e **pernas**
3. Move-se polo proscenio ata chegar ó piano, acaríñao primeiro e logo senta

Sae outra vez o **Chapeu** e achegase ó **Traxe do Arlequín** este cólleo e pono. O **Paxaro** se laia, berra. O **Arlequín** vai onda el e tenta de liberalo, o final conségueo coa axuda do **Artista** que espertou e que se leva a **Rede**.

4. Entra o chapeu pola dereita do block achegase ó arlequín
5. O chapeu observa o corpo do arlequín e o arlequín acaríñao, cólleo entre as mans e pono,
6. Contento erguese e tocase
7. Baila polo proscenio e vai ata o lado dereito do block, debaixo do cenital
8. O paxaro queixase
9. O arlequín escoita, pero non ve ó paxaro e segue a bailar mais contento
10. O paxaro volve a queixarse
11. Esta vez o arlequín si o ve e vai cara el a axudarlle
12. O artista espílese e tamén o axuda. O paxaro queda liberado e a rede desaparece.
13. Apagar o vídeo
14. O paxaro voa contento e achegase ó arlequín

Namentres a **Meniña** asexá admirada ó valente **Arlequín**, achegase a el para acariñarlle a faciana, pero ve que non ten cara...Fican tristes...Niso entra o **Artista** que os ve e colle unha máscara e se lla pon o **Arlequín**, estes van cara ó piano.

1. A meniña entra por diante do piano, achegase o arlequín que no ten cara
2. A meniña faille un xesto o artista
3. O artista trae unha máscara e ponlla ó arlequín
4. O artista desaparece pola esquerda detrás do block

O **Artista** vaise para detrás do *block*, e en sombra chinaponse a escribir, mentres o **poema** aparece na *pantalla* e o **Arlequín** e a **Meniña** o cantan. O **Artista** pasa follas dunha libreto, mentres cadros de artistas van aparecendo na *pantalla*

5. Acendese a pantalla de sombras e o artista escribe un poema
6. A meniña canta e os dous bailan e vanse indo pouco a pouco ata desaparecer polo fondo dereita.
7. O Cambiar a música **acender o vídeo** **Cadros**
8. O artista pasa follas dun block e mentres na pantalla pasan cadros
9. Cando remata a música, escuro e apagar vídeo.